



BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DUN/DUNHA TITULADO/A SUPERIOR MÉDICO/A PARA A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE – CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA (PONTEVEDRA)

En sesión que tivo lugar o día 23 de setembro de 2019, o tribunal nomeado para a selección dun/dunha titulado/a superior médico/a para a Secretaría Xeral para o Deporte – Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra), de conformidade co disposto no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, aprobou as bases da convocatoria que rexerá o proceso.

PRIMEIRA.- Número e características da praza.

Apróbanse as bases da convocatoria do proceso selectivo para a contratación dun “Médico/a”, grupo I, categoría 2:

- Descrición dos méritos específicos adecuados ás características do posto de traballo:
 - o Coñecementos e/ou experiencia en materia de medicina deportiva, nutrición ou cardioloxía
 - o Especialidade en medicina deportiva/máster en materia de medicina deportiva
- Centro: Secretaría Xeral para o Deporte – Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra)
- Contrato a formalizar.- Contrato de remuda por un 75 % da xornada para a cobertura da xubilación parcial do ocupante do posto.
- Desenvolvemento.- En xornada completa, do seguinte xeito:
 - o ANO 2019.- O remudista desenvolverá o seu traballo dende a sinatura do contrato ata o 31/12, todos incluídos.
 - o ANO 2020.- O remudista desenvolverá o seu traballo do 01/01 ao 14/01 e do 16/04 ao 31/12, todos incluídos.
 - o ANO 2021.- O remudista desenvolverá o seu traballo do 01/01 ao 14/01 e do 16/04 ao 31/12, todos incluídos.
 - o ANO 2022.- O remudista desenvolverá o seu traballo do 01/01 ao 24/06 e do 12/09 ao 13/11, todos incluídos.
- Duración aproximada.- será dende a data da sinatura do contrato ata a data de xubilación do ocupante, 13 de novembro de 2022.
- A xornada laboral desenvolverase nos termos que a continuación se detallan:
 - o Luns a xoves Horario de mañá de 10.30 a 12.30 horas
 Horario de tarde de 15.00 a 20.30 horas
 - o Venres Horario en xornada continua de 7.45 a 15.15

SEGUNDA.- Requisitos dos aspirantes

2.1 Xerais.

Para ser admitidos a esta convocatoria os aspirantes deberán reunir, no último día do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

2.1.1. Ter nacionalidade española ou doutro estado membro da Unión Europea, ou estar incluído no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar as persoas que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito, así como as persoas descendentes de persoas ou descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

Así mesmo, ademais das persoas con nacionalidade estranxeira recollidas nos apartados anteriores, os demais estranxeiros con residencia legal en España.

2.1.2. Ter cumpridos dezaseis anos de idade.

2.1.3. Titulación: Titulado superior médico.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

2.1.4. Non ter sido despedido nin separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

2.2 Particulares

Elevada pola presidencia do Tribunal á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia a proposta de provisión do posto a favor da persoa con maior puntuación para a emisión da resolución, a persoa seleccionada, con carácter previo á contratación e no prazo de cinco días naturais desde a publicación da proposta, deberá achegar:



2.2.1. A documentación acreditativa de posuír o diploma ou certificado que Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (Orde do 16/07/2007- DOG do 30/07). No caso de non estar en posesión deste diploma ou certificado, o coñecemento da lingua galega acreditarase mediante a superación dun exame equivalente ó nivel Celga 2, para o cal a persoa seleccionada será convocada polo tribunal.

2.2.2. A documentación acreditativa de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas, mediante un informe sobre o estado de saúde que acredite que non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.2.3. A documentación acreditativa do cumprimento do requisito recollido no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, ben mediante a certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais ou mediante a presentación dunha declaración responsable que incorpore a autorización expresa para que a D. X. da Función Pública poida comprobar en calquera momento a veracidade da devandita declaración. O modelo de declaración responsable poderá solicitalo no enderezo de correo ou nos teléfonos indicados nestas bases.

2.2.4. Estar inscrito como demandante de emprego (desempregado) no Servizo Público de Emprego (non atoparse en situación de alta ou asimilada á alta na Seguridade Social)



TERCEIRA.- Solicitudes

3.1 Forma

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá formular a súa solicitude no modelo de instancia que figura como Anexo I, acompañada de:

a) Copia do DNI ou pasaporte

Os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán ademais presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, ben por residir no estranxeiro ou por atoparse en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte.



Quen participe pola súa condición de familiares dos anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, se é o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo do parentesco e unha declaración xurada da persoa coa que existe este vínculo, de que non está separada de dereito do/a seu/súa cónxuxe, e se é o caso, do feito de que o/a aspirante vive ás súas expensas ou está ó seu cargo.

- b) Copia cotexada do título académico requirido na convocatoria.
- c) Anexo II. Declaración de non ter sido separado nin despedido das administracións públicas.
- d) Calquera outra documentación acreditativa dos servizos prestados, títulos, cursos, coñecementos e experiencia obxecto de valoración

Todo o proceso correspondente a este concurso poderá consultarse no taboleiro de anuncios da S. X. para o Deporte en Santiago de Compostela e no dos seus servizos periféricos en Pontevedra. Así mesmo, publicarase na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte.

3.2 Destinatarios, lugar de presentación e prazo

As solicitudes serán dirixidas ao Presidente do Tribunal de selección e presentaranse na Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia (R/ Madrid, 2-4, 2º Fontiñas - 15781 Santiago de Compostela) ou nas oficinas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Deberase adiantar a documentación vía correo electrónico ao correo secretaria.deporte@xunta.gal. Así mesmo, para as posibles aclaracións ou informacións adicionais poderase utilizar esta dirección de correo ou chamar ao nº 881 996 347 – 886 159 670.

O prazo de presentación de solicitudes iniciase o **23 de setembro de 2019** e remata ás catorce horas do día **27 de setembro de 2019**

CUARTA.- Procedemento de selección: baremo, acreditación de méritos e desempates

O procedemento de selección será o de concurso.

4.1. Baremo

Para establecer a orde de prelación nas puntuacións dos aspirantes aplicarase o seguinte BAREMO partindo do recollido no anexo III do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (D.O.G. 3/11/2008) e da formación e experiencia específicas recollidas como mérito do posto na Relación de Postos de Traballo dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia (D.O.G. 23/07/2019), que é o seguinte:

Méritos específicos adecuados ás características do posto de traballo

1.a) Por posuír os coñecementos nas materias que se especifican acreditados mediante a asistencia a cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Sepe, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, cursos de formación continua do AFCAP-de:

- Traumatoloxía deportiva.
- Cardioloxía do deporte.
- Valoración funcional e/ou ergoespirometría.
- Medicina Escolar e/ou de la Adolescencia.
- Actividade Física e saúde.
- Rehabilitación e/ou Fisioterapia deportiva.
- Soporte Vital cardiovascular avanzado (RCP).
- Dietética e nutrición.

- Por cada curso ata 25 horas: 0,2 puntos
- Por cada curso de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,4 puntos
- Por cada curso de 75 horas ou máis e ata 100 horas: 0,8 puntos.
- Por cada curso de duración superior a 100 horas lectivas: 1 punto.

O listado anterior refírese a materias, non a nomes específicos de cursos.

Non se puntuarán os cursos que non acrediten as horas de duración, os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios e similares.

1.b) Por cada mes de experiencia en materia de medicina deportiva, nutrición ou cardioloxía 0,30 puntos/mes.

1.c) Pola posesión da especialidade en medicina deportiva/máster en materia de medicina deportiva.

- Máster de duración de 1 ano: 2 puntos
- Máster de duración de 2 anos: 4 puntos
- Especialidade en medicina deportiva: 8 puntos

Méritos de carácter xeral

2. Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.
3. Por cada mes de servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,10 puntos/mes
4. Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes
5. A suma da puntuación das liñas 2, 3 e 4 non poderá exceder de 5 puntos.

Só serán baremables os servizos prestados das liñas 2, 3 e 4 cando non sexan valorados no apartado 1.b).

6. Por cada curso relacionado coa categoría á que se opta, diferente das materias especificadas no apartado 1.a) deste baremo, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Sepe, Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, cursos de formación continua do AFCAP:
 - Cursos ata 25 horas: 0,1 puntos
 - Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos
 - Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.

Non se puntuarán os cursos que non acrediten as horas de duración, os diplomas relativos á realización de xornadas, seminarios, simposios e similares.

- 7 Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado)
 - En grao de iniciación/celga 3: 0,50 puntos.
 - En grao de perfeccionamento/celga 4: 0,75 puntos.
 - Outros de grao superior ao anterior: 1 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.



4.2. Desempates

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á:

1º Puntuación outorgada polos méritos alegados de acordo coa orde establecida nas presentes bases.

2º Primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de Facenda pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. No ano 2019 a letra seleccionada foi a "Q", segundo consta no DOG nº 25, do 5 de febreiro de 2019.

Non obstante o anterior, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino será de aplicación o previsto no artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

4.3. Incompatibilidades.

O posto de traballo está sometido ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

QUINTA.- Tribunal cualificador

5.1 Composición

De acordo co disposto nos artigos 7 e 11 do vixente convenio colectivo e para os efectos do presente proceso, constituíuse un órgano de selección integrado polas seguintes persoas:

- Presidenta: María Teresa Lorenzo Lemos
- Vogal: Jesús López Rodríguez
- Vogal: María Jesús Lorenzo Losada

Actuará como secretaria: Eva María Sanín Mariño, sen dereito a voto.

TRIBUNAL SUPLENTE

- Presidenta: María Peleteiro Estévez
- Vogal: Jorge Barros de la Peña
- Vogal: Belia Méndez Rial

5.2 Abstención e recusación

As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007, e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010.

A concorrencia de calquera das ditas causas deberá serlle comunicada ao órgano competente para o seu nomeamento.

A Presidencia do órgano deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do mesmo, ás persoas que actúen como persoal asesor se os houbese, e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non atoparse en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

As persoas aspirantes poderán recusar os integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.3 Constitución e actuación

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do órgano de selección requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus integrantes, con presenza en todo caso da presidencia e da secretaría deste.

O procedemento de actuación do órgano de selección axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

Por cada sesión do órgano de selección redactarase unha acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da secretaría e o visto e prace da presidencia.

O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, que deberán limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas, e que terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderá á persoa competente para o nomeamento do órgano de selección do presente proceso de selección.



Os acordos adoptados polo tribunal cualificador do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse á entidade convocante ao seguinte enderezo: R/ Madrid, 2-4, 2º Fontiñas - 15781 Santiago de Compostela ou no enderezo electrónico:

secretaria.deporte@xunta.gal.

SEXTA.- Admisión de aspirantes

Relación provisional de admitidos

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o presidente do Tribunal de Selección, o día **30 de setembro**, ditará resolución, aprobando a relación provisional de admitidos e excluídos, con expresión das puntuacións provisionais dos méritos alegados polos aspirantes, e se é o caso, as causas que motivaron a exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de reclamacións con data de remate **3 de outubro** para emendar as causas da exclusión. A resolución destas emendas entenderase implícita coa publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos.

SÉTIMA.- Baremación e resolución da convocatoria

7.1. Resolución

Rematado o prazo o tribunal fará pública a resolución aprobando a relación definitiva de admitidos e excluídos coas puntuacións definitivas dos méritos alegados polos aspirantes. A resolución incluirá a proposta de provisión do posto a favor da persoa coa maior puntuación que será elevada polo presidente do Tribunal á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia para a emisión da resolución.

7.2.- Achega de documentación

Emitida a resolución coa proposta de provisión do posto a favor da persoa coa maior puntuación, a persoa seleccionada deberá achegar aquela outra documentación necesaria para o acceso á contratación, segundo o previsto na Base Segunda 2.2.




OITAVA.- Cláusula derradeira

As bases desta convocatoria, e cantos actos se deriven dela e da actuación do tribunal, co carácter de definitivos, ou que sendo de trámite decidan sobre o fondo do asunto, poderán ser impugnados polos interesados no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019

A presidenta do Tribunal



María Teresa Lorenzo Lemos

